XUNTA DE GALICIA | CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

erasmus+ CMUS SANTIAGO

Cofinanciado por la Unión Europea

CONVOCATORIA DE MOBILIDADES ERASMUS+ PARA PROFESORADO DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN.

1. Obxecto da convocatoria:

Convócanse dúas (2) prazas de mobilidade Erasmus+ para o profesorado do CMUS Profesional de Santiago de Compostela destinadas á realización de cursos de formación.

2. Contexto:

A presente convocatoria responde á execución do proxecto acreditado 2026-1-ES01-KA121-VET-000440582, activo no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela entre o 1 de xuño de 2026 e o 31 de agosto de 2027. Este proxecto enmárcase dentro da acreditación 2025-1-ES01-KA120-VET-000383681.

3. Obxectivos:

Os obxectivos da acreditación Erasmus+ especificada no apartado anterior son os seguintes:

- O1. Impulsar a internacionalización do centro ampliando a súa rede de socios, fortalecendo as relacións existentes e establecendo o centro como unha localización de acollida atractiva.
- O2. Promover a sustentabilidade ambiental como pedra angular das mellores prácticas e avanzar na dixitalización dos recursos e procedementos do centro.
- O3. Potenciar a motivación do alumnado e do persoal creando oportunidades inclusivas e internacionais que abran novas vías para o desenvolvemento académico e profesional.
- O4. Afianzar a posición do centro como núcleo musical e cultural na cidade e reforzar o seu impacto social mediante a promoción efectiva das súas actividades internacionais.
- O5. Reforzar a competencia do persoal e do alumnado noutras linguas, mellorando así a difusión interna de contidos europeos e facilitando a promoción da nosa cultura no estranxeiro.

A presente convocatoria incide especialmente na consecución dos obxectivos O1, O2, O3 e O5.

4. Mobilidades:

4.1. Destinos: as mobilidades poderán ter lugar nun país estranxeiro pertencente á Unión Europea ou nun país do grupo “terceiros países asociados ao programa” (Macedonia do Norte, Islandia, Noruega, Serbia, Liechtenstein e Turquía).

4.2. Duración: as mobilidades terán unha duración total de 7 días, divididos en 5 días lectivos e 2 días de viaxe. Os 7 días de duración das mobilidades non se poden fraccionar.

4.3. Período de realización: Todas as mobilidades deberán realizarse antes do 31 de agosto de 2027. As datas exactas de realización de cada mobilidade serán acordadas entre o/a participante, a organización de acollida e a xefatura de estudos do CMUS Profesional de Santiago.

4.4. Subvención: comprende unha partida de apoio a gastos de viaxe, unha partida de apoio individual e unha partida de 80€ por día lectivo de apoio aos gastos de matrícula. A partida de gastos de viaxe depende da distancia ao centro de destino. A partida de apoio individual depende do país de destino e do número de días totais en mobilidade, cun máximo de 7.

4.5. Pagamento da subvención: farase efectiva en dous prazos. O primeiro prazo cubrirá o 80% da bolsa e será pagado antes da realización da mobilidade. O segundo prazo cubrirá o 20% restante e será pagado unha vez o/a participante remate a mobilidade, faga entrega da correspondente memoria e cumprimente a enquisa *EU Survey* nun prazo de 30 días naturais a contar dende a recepción da enquisa no correo electrónico.

5. Presentación de solicitudes:

5.1. Prazos:

- Recepción de solicitudes: aberta dende o 13 de novembro ata o 23 de novembro de 2026, ambos días incluídos.
- Publicación de listaxes provisionais e definitivas de solicitudes admitidas e excluídas: unha vez rematado o período de recepción de solicitudes, publicarase unha listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas.

Os/as interesados/as contarán cun prazo de alegacións de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da listaxe provisional.

- Publicación da puntuación provisional dos/as aspirantes e do resultado definitivo: unha vez rematada a avaliación das candidaturas publicarase o resultado provisional. As/os aspirantes contarán cun prazo de reclamacións de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación. Unha vez resoltas as reclamacións farase a publicación do resultado definitivo.
- Lugar e forma de publicación de listaxes e resultados: todas faranse públicas na páxina web do CMUS Profesional de Santiago de Compostela, lapela “Erasmus+”.

5.2. Forma: as solicitudes deberanse presentar por correo electrónico, enviando a documentación sinalada no apartado 8 da presente convocatoria á seguinte dirección:

erasmus@conservatoriosantiago.gal

Soamente en casos debidamente xustificados poderá presentarse a documentación en formato físico na secretaría do centro.

6. Proceso de selección de participantes:

6.1. Forma: o proceso de selección do profesorado participante nas mobilidades será un concurso de méritos e un proxecto de mobilidade. A folla de baremación pode consultarse no Anexo I desta convocatoria. O concurso de méritos terá unha puntuación máxima de 10 puntos e o proxecto de mobilidade unha puntuación máxima de 5 puntos. Ambas puntuacións sumaranse sen ponderación, polo que cada aspirante poderá acadar unha puntuación máxima

de 15 puntos. O profesorado que nunca participou nunha mobilidade de curso de formación terá prioridade sobre o que xa participou nestas mobilidades no pasado, independentemente da puntuación final obtida. O profesorado que participou nunha mobilidade de curso de formación unha soa vez terá prioridade sobre o que participou dúas ou máis veces nestas mobilidades no pasado, independentemente da puntuación final obtida. No apartado F (proxecto de mobilidade) será requisito obter unha puntuación mínima de 2,5 para poder optar ás mobilidades. No caso de darse un empate, o criterio de desempate será ter maior puntuación nos seguintes apartados (por orde de valoración): E, F, B.

6.2. Órgano seleccionador: existirán dous tribunais. Por unha banda, un tribunal avaliador dos proxectos de mobilidade recibidos formado por dous docentes do conservatorio seleccionados por azar entre o conxunto do claustro, dous membros do equipo Erasmus+ e un/a presidente/a do tribunal designado polo equipo directivo. A avaliación dos proxectos será individual por parte de cada membro do tribunal e a cualificación final será a media aritmética das cualificacións individuais, eliminándose a cualificación máis alta e a máis baixa no caso de que estas difiran en máis de 1,5 puntos. O profesorado aspirante a participar nas mobilidades non poderá formar parte deste tribunal. Unha vez avaliados os proxectos de mobilidade, un segundo tribunal será o encargado de realizar a baremación de méritos, sumar as puntuacións e levantar acta da resolución provisional. Este segundo tribunal estará formado polos membros do equipo Erasmus+ e un un/a presidente/a do tribunal designado polo equipo directivo.

6.3. Apoio á inclusión de profesorado con menos oportunidades: as seguintes casuísticas están recollidas na estratexia de inclusión e diversidade do SEPIE (Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación):

- ID1: persoal con discapacidade.
- ID2: persoal con dificultades de aprendizaxe.
- ID3: persoal con problemas de saúde.
- ID4: persoal pertencente a minorías étnicas.
- ID5: persoal en risco de discriminación por razóns de xénero, idade, orientación sexual, relixión, crenzas ou discapacidade.

6.4. Resultado definitivo: o resultado definitivo ordenará aos aspirantes segundo os seguintes criterios:

- Historial de participación: o profesorado que nunca participou nestas mobilidades terá prioridade sobre o que xa participou en mobilidades de cursos de formación anteriores. O profesorado que participou nestas mobilidades unha soa vez terá prioridade sobre o que participou en mobilidades de cursos de formación anteriores dúas ou máis veces.
- Orde de puntuación: de maior a menor.

As posicións do 1 ao 2 darán acceso directo ás mobilidades. A quenda de agarda comeza a partir da posición 3.

7. Requisitos de participación:

R1. Ser profesor/a titular en activo do CMUS Profesional de Santiago de Compostela durante o curso 2026/2027.

R2. Presentar un proxecto de mobilidade.

8. Documentación requirida para participar no proceso de selección:

D1. Proxecto de mobilidade, cunha extensión mínima de 3000 caracteres e máxima de 5000 caracteres. Pódese consultar a rúbrica de avaliación desta carta no Anexo II desta convocatoria.

D2. No caso de alegar méritos no apartado C da folla de baremación de méritos, copia escaneada do(s) título(s) que certifiquen o nivel de idiomas alegado.

D3. Documentación xustificativa de pertenza ao colectivo de profesorado con menos oportunidades:

- ID1: certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% ou certificado de ter aberto un proceso de recoñecemento de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- ID2: informe preceptivo dunha autoridade competente.
- ID3: informe médico expedido polo centro de saúde ou autoridade sanitaria competente, que xustifique a necesidade dun apoio adicional por motivos de saúde.
- ID4: certificado de pertenza a unha minoría étnica, expedido polos Servizos Sociais e/ou resolución da condición de refuxiado.
- ID5: certificado da administración competente.

O documentos D1 é necesario para participar no proceso selectivo. Se este documento non se entrega dentro do período de recepción de solicitudes, ou non se axusta ás bases dentro do citado período, o/a aspirante causará baixa no proceso. Os documentos sinalados como D2 e D3, no caso de non ser entregados, causarán a cualificación de cero puntos no apartado correspondente do baremo.

Toda a documentación, exceptuando D3, deberá ser enviada por medios electrónicos, atendendo deste xeito ao principio básico de sustentabilidade e responsabilidade medioambiental do programa Erasmus+. A documentación deberá ser enviada por correo electrónico á dirección erasmus@conservatoriosantiago.gal. En casos

debidamente xustificados, o equipo Erasmus+ autorizará a presentación de documentación en formato físico na secretaría do CMUS Profesional de Santiago. A documentación correspondente ao apartado D3 deberá ser entregada na secretaría do centro.

9. Compromisos que adquire o profesorado seleccionado:

Os docentes que resulten seleccionados comprométense a realizar as seguintes accións:

- Asinar a autorización para diseminación de imaxes por parte do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.
- Participar nas xornadas de formación previas á mobilidade organizadas polo equipo Erasmus+ do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.
- Colaborar na elaboración do acordo de aprendizaxe correspondente á súa mobilidade e asinalo unha vez completado.
- Asinar o acordo de subvención correspondente á súa mobilidade.
- Realizar a mobilidade.
- Durante a realización da mobilidade, asistir ás aulas acordadas co centro de acollida e tomar todas as medidas necesarias, en colaboración coa persoa titora, para acadar os obxectivos recollidos no acordo de aprendizaxe.
- Producir material audiovisual (fotografías, vídeos) das aulas observadas e doutros eventos relacionados cos obxectivos da súa mobilidade en particular e do programa Erasmus+ en xeral.
- Cubrir a enquisa *EU Survey* que a/o participante recibirá unha vez completada a súa mobilidade, nun prazo de 30 días contados a partir da recepción da enquisa

no correo electrónico. Esta acción é requisito indispensable para percibir o 20% da bolsa pendente de cobro unha vez rematada a mobilidade.

- Elaborar unha memoria da actividade realizada. O formato desta memoria será libre, podendo consistir nun documento escrito, unha presentación de diapositivas, un vídeo explicativo, etc. Esta memoria poderá ser utilizada polo equipo Erasmus+ para a difusión do proxecto.
- Participar nas xornadas de difusión posteriores á mobilidade organizadas polo equipo Erasmus+ do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

10. Recoñecemento da mobilidade: a mobilidade recoñecerase mediante un Documento de Mobilidade Europass (DME), elaborado polo equipo Erasmus+ do CMUS Profesional de Santiago de Compostela, asinado polo centro de acollida e o centro de envío.
O profesorado participante nestas mobilidades ten dereito ao recoñecemento das mesmas como horas de formación do profesorado, prevista na resolución do 23 de agosto de 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

11. Disposicións finais:

11.1. A participación neste proceso selectivo supón automaticamente a aceptación das súas bases.

11.2. Toda a información relacionada con esta convocatoria estará dispoñible na sección *Erasmus+* da páxina web do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

11.3. Todas as resolucións da presente convocatoria publicaranse na sección *Erasmus+* da páxina web do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

11.4. Calquera casuística non contemplada nestas bases será resolta polo equipo Erasmus+ en colaboración co equipo directivo.

En Santiago de Compostela, a 12 de novembro de 2026

ANEXO I

BAREMACIÓN DE MÉRITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS ÁS MOBILIDADES DE PROFESORADO PARA

CURSOS DE FORMACIÓN

	Mérito a valorar	Puntuación máxima	Baremación
A	Destino definitivo no CMUS de Santiago	1	Ten destino definitivo: 1 Non ten destino definitivo: 0
B	Tempo traballado como profesor/a titular do CMUS Profesional de Santiago	2	Por cada ano traballado: 0,25 Por cada mes (anos incompletos): 0,027
C	C1. Competencia lingüística en inglés	2	C2: 2 / C1: 1,5 / B2: 1 / B1: 0,5 / A2: 0,25
	C2. Competencia lingüística noutras linguas oficiais da UE*	1	C2: 1 / C1: 0,8 / B2: 0,6 / B1: 0,4 / A2: 0,2
D	Pertenza ao equipo Erasmus+ ou ao grupo de traballo Erasmus+ do CMUS Profesional de Santiago	1	Pertence ao equipo ou grupo de traballo Erasmus+: 1 Non pertence: 0
E	Profesorado con menos oportunidades	1	Pertence a algunha das casuísticas descritas no apartado 6.3 da convocatoria: 1 Non pertence: 0
F	Proxecto de mobilidade	5	* Ver Anexo II (rúbrica de avaliación)
G	Historial de participación	2	Realizou unha mobilidade de cursos de formación no proxecto 2023/2024: 2 Realizou unha mobilidade de cursos de formación no proxecto 2024/2025: 1 Realizou unha mobilidade de cursos de formación no proxecto 2025/2026: 0

* exceptuando o inglés e as linguas oficiais do Estado Español.

ANEXO II
RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO PROXECTO DE MOBILIDADE

Criterio de avaliación	0	0,25	0,5	0,75	1
Describe de xeito preciso, detallado e coherente o seu proxecto e obxectivos de mobilidade.	Non describe o seu proxecto de mobilidade nin menciona obxectivos.	Fai mención do seu proxecto de mobilidade, menciona obxectivos e non aporta detalle sobre os mesmos.	Describe o seu proxecto de mobilidade con algunha concreción e detalle. Menciona os obxectivos, pero con mínimo detalle de concreción.	Describe o seu proxecto de mobilidade en detalle. Menciona un número axeitado de obxectivos, con detalle e concreción, pero as ideas son pouco coherentes e realistas.	Presenta o seu proxecto de mobilidade e obxectivos con gran detalle, mostrando total claridade de ideas e coñecemento do que desexa observar e aprender.
Menciona e describe os contidos do curso de formación que aspira a realizar.	Non fai ningunha mención dos contidos do curso.	Fai unha mención parcial e escasa dos contidos do curso.	Menciona os contidos do curso pero sen aportar unha descrición dos mesmos	Menciona os contidos do curso, facendo unha descrición escasa dos mesmos.	Menciona os contidos do curso, describindo con gran claridade e coherencia de ideas a súa natureza e o por qué do seu interese nos mesmos.
Mostra un plan concreto sobre cómo introducir os coñecementos acadados na súa actividade docente e cómo estos van a ter impacto no noso centro.	Non mostra ningún plan sobre cómo introducir os coñecementos acadados na súa actividade docente.	Mostra un plan e menciona o impacto, pero sen precisar cómo introducir os coñecementos na actividade docente nin especificar o impacto destes no centro.	Mostra un plan con certo realismo e coherencia e menciona e explica en liñas xeráis o impacto deste no centro.	Mostra un plan coherente e realista e explica con detalle o impacto deste no centro.	Mostra un plan moi coherente e realista con moita claridade e detalle, así como explica pormenorizadamente e con precisión o impacto deste no centro.
Explica en detalle, con visión realista e accións concretas, cómo vai difundir os resultados da mobilidade co resto da comunidade educativa.	Non explica, non presenta visión realista nin concreta das accións a realizar para a difusión dos resultados da mobilidade.	Explica sen detalles concretos, con visión subxectiva e irreal as accións para difusión dos resultados da mobilidade.	Explica cómo vai difundir os resultados da mobilidade co resto da comunidade educativa, pero con pouco detalle e concreción.	Explica cómo vai difundir os resultados con bastante detalle, pero as accións propostas son difusas e pouco realistas.	Explica con precisión de detalle, coidando as verbas e cunha visión realista , de xeito exhaustivo na concreción das accións de difusión dos resultados da mobilidade coa comunidade educativa.
Mostra coñecemento dos principios básicos Erasmus+ e explica qué accións concretas vai implantar para cumplilas.	Non fai mención dos principios básicos Erasmus+	Mostra coñecemento dalgúns dos principios básicos Erasmus+ pero non todas. Non fai mención de ningunha acción destinada a cumplilos.	Mostra coñecemento dos principios básicos Erasmus+. Non fai mención de ningunha acción destinada a cumplilos.	Mostra coñecemento dos principios básicos Erasmus+. Menciona algunha acción concreta para cumplilos, pero de xeito difuso e escaso.	Mostra total coñecemento dos principios básicos Erasmus+ e menciona numerosas accións realistas e adecuadas para cumplilos.
					Puntuación máxima total: 5